

ANUNCIO

TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE CONSERXE DE RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS AO RESULTADO PROVISIONAL E PUBLICACIÓN DA DATA EXAME GALEGO DA FASE CONCURSO

O 27/05/2024, ás 09.44 h, reúnese o Tribunal cualificador do proceso de estabilización Lei 20/2021 para resolver as alegacións presentadas á puntuación provisional de 1 praza de Conserxe (C09), e acordar a data do exame de galego, para os aspirantes que non acreditaron estar en posesión do nivel coñecemento da lingua galega (CELGA, ou equivalente), requirido nas bases específicas reguladoras, da fase concurso, segundo a acta que se transcribe literalmente de seguido:

“ACTA SESIÓN NÚMERO 2 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN LEI 20/2021 PARA 1 PRAZA DE CONSERXE (C09)

Na Casa do Concello de Rianxo, sendo as 09.44 horas do día 27 de maio de 2024, reúnese o Tribunal cualificador que avaliará o proceso de estabilización da Lei 20/2021 de 1 praza de conserxe (Ref. C09).

Preside a sesión Vanessa Reboredo Fraga, funcionaria do Concello de Rianxo, e asisten como vogais os seguintes:

- 1º vogal: Ramón Raúl Frieiro Romero, funcionario do Concello de Rianxo
- 3º vogal: Fernando Ramón Lavandeira Suárez, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo

Secretaria: Vicenta Avelina Campaña Martínez, funcionaria do Concello de Rianxo.

Non asiste o 2º vogal Carlos Rodríguez García, funcionario do Concello de Rianxo

A presidenta declara constituído o tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

1. O Concello de Rianxo publicou no BOP núm. 246, do 29/12/2022, a aprobación das bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021, aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 1.029/2022, do 28/12/2022, e que incluían seis prazas de operario/a de limpeza.
2. O Concello de Rianxo publicou no BOE núm.313, do 30/12/2022, a convocatoria para prover as ditas prazas.
3. O prazo para a presentación das instancias para participar no dito proceso foi de 20 días naturais, segundo o establecido no punto 3 da base sexta das ditas bases; así, o día 19/01/2023 rematou o prazo de presentación de instancias.
4. O día 02/05/2023 esta entidade publicou no BOP núm. 82 a listaxe provisional de persoas

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 591.314 exp. 2022/E001/000019

admitidas e excluídas para tomar parte no proceso selectivo na que se establecía un prazo de 10 días hábiles (R.A. número 356/2023 do 20/04/2023) para a súa emenda.

5. O día 13/06/2023 esta entidade publicou no BOP núm. 111 a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas (R.A. número 543/2023 do 06/06/2023).

6. O 22/09/2023, mediante a Resolución da Alcaldía núm. 883/2023, modificada pola Resolución da Alcaldía núm. 906/2023, do 02/10/2023, o alcalde nomeou ao tribunal cualificador que se vai encargar do proceso de selección do persoal no proceso de estabilización da Lei 20/2021 para unha praza de Conserxe (C09). (BOP núm. 195 do 11/10/2023)

7. O 31/10/2023 no BOP núm. 208, anunciouse a sesión constitutiva do tribunal cualificador encargada do proceso, fixada pola Resolución da Alcaldía núm. 1009/2023, do 24/10/2023, tendo lugar a mesma o 13/11/2023 ás 10:00h na Casa do Concello.

8. O 18/04/2024 os membros do tribunal reúnen para proceder a valorar os méritos presentados polos aspirantes e debidamente acreditados, de conformidade co disposto no punto 9.6, Méritos a valorar, tanto no relativo á experiencia profesional, como á formación específica, resultando a valoración que se establece a continuación, e cuxo anuncio foi publicado na sede electrónica do Concello de Rianxo, en data 23/04/2024,

DNI, Apelidos e nome	Experiencia profesional					Experiencia específica (Máximo 10 puntos)	Puntuación total
	Mérito 1.a	Mérito 1.b	Mérito 1.c	Mérito 1.d	Total Experiencia profesional	Total puntos experiencia específica	
***3350** Torres Ordóñez, Martín	169,50	0,00	6,25	0,00	90,00	10	100,00
***6972** García Abuín, María Josefa	32,25	0,00	5,50	0,00	37,75	10	47,75
***8306** Rey Fernández, Cristina	20,25	0,00	3,00	0,00	23,25	10	33,25
***8243** Claro Rial, Antonio	9,75	0,00	11,25	0,00	21,00	10	31,00
***7012** Figueiro Ordóñez, José Manuel	13,50	0,00	5,00	0,00	18,50	10	28,50
***6783** Castaño Piñeiro, Jordi	9,00	7,00	0,00	0,20	16,20	10	26,20
***3717** Mariño Laiño, Silvia	0,00	0,00	4,50	0,00	4,50	10	14,50
***5804** Villanustre Vidal, Isabel	0,00	0,00	14,25	0,00	14,25	0	14,25

***3350** Figueira Losada, Columba	1,50	0,00	1,75	0,00	3,25	10	13,25
***5693** Cornado Rodríguez, Lucía	0,00	0,00	1,75	0,00	1,75	10	11,75
***6645** Piñeiro González, Jose Antonio	0,00	0,00	1,50	0,00	1,50	10	11,5
***6941** Lojo Esteban, María Natividad	0,00	0,00	0,50	0,00	0,50	10	10,5
***8424** Iglesias Otero, María del Pilar	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10	10
***6555** Rodríguez Rodríguez, Mariano	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10	10
***5987** Rodríguez Fariña, Jose Ignacio	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10	10
***5331** Castro Pardal, Antonio	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10	10
***2638** Ordóñez Cespón, María del Carmen	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10	10
***0255** Ordóñez Agrafojo, Raquel	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10	10
***8907** Tubío Romero, Tania	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10	10
***8432** Iglesias Torres, Susana	0,00	0,00	9,50	0,00	9,50	0	9,5
***0919** Sevares Lozano, Raquel	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0	0
***9158** Viñas Mayo, Rubén	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0	0
***0324** Troás Tubío, Abel	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0	0
***8656** Comojo Vicente, Martín	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0	0
***9767** Mosquera Rial, Adrián	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0	0
***8713** Castaño Frieiro, Mauro	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0	0

9. Finalizado o trámite de alegacións, incorpórase ao expediente certificado de secretaría, onde consta que no prazo habilitado ao efecto se presentaron alegacións contra o baremo provisional de méritos por Dna. Isabel Villanustre Vidal e por Don Antonio Castro Pardal,

10. Visto o escrito presentado en data 26/04/2024, con número de rexistro de entrada 20240000001529 , por Dona Isabel Villanustre Vidal, onde se expón o seguinte:

"... solicito se comprobe e modifique a puntuación da listaxe provisional do proceso de estabilización, en concreto no referente á experiencia específica (formación). Na instancia aporte os documentos correspondentes pero non se ven reflectidos na calificación :

-Copia da solicitude de participación do proceso selectivo C09 co selo de entrada no rexistro onde se

pode ver a formación específica.

-Copias dos cursos aportados

-Copia da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente a un Celga 4

-Copia da listaxe da puntuación provisional."

11. Revisada a documentación presentada pola aspirante Dona Isabel Villanustre Vidal no prazo de presentación de instancias para o proceso de estabilización de 1 praza de conserxe, en data 16/01/2023, con número de rexistro de entrada 202300000000273, obsérvase que xunto coa instancia achegou respecto da documentación referida aos méritos por formación específica, a seguinte documentación:

- Celga 4
- Curso de PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS. Nivel básico. ISSGA, de 60 h lectivas.
- Curso de "PRL no sector da limpeza" de 15 h.
- Diploma de "XESTIÓN DA ECONOMÍA CIRCULAR. RESÍDUO CERO (MODALIDADE EN LIÑA) de 40 h lectivas
- Curso de LIMPEZA DE INSTALACIONES Y EQUIPAMIENTOS INDUSTRIALES de 60 h

12. Visto o establecido no artigo 9.6 das Bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 publicadas no BOP número 246 de 29/12/2022, no referido aos méritos por Formación específica:

"...Ata un máximo de 10 puntos Mérito polo que as persoas aspirantes poderán acadar, como máximo, o dez por cento (10%) da puntuación total máxima alcanzable no concurso e, polo tanto, unha puntuación máxima de 10 puntos; e que se valorará consonte aos criterios e baremos sinalados a continuación...

Ou que versen sobre algunha das seguintes materias de carácter transversal ...

A valoración da antedita formación específica realizarase conforme aos criterios de puntuación sinalados a continuación, e ata o máximo total de 10 puntos, dentro do que se computarán tamén os puntos no seu caso obtidos polos cursos de linguaxe administrativa antes indicados, consonte o sistema de puntuación fixado)...

Nos supostos en que a praza convocada se clasifique na Agrupación profesional, ou equivalentes, acadarase o máximo total de 10 puntos a partires das 10 horas de formación, e de non chegar ao dito máximo outorgarase 1 punto por cada hora de formación ..."

13. Visto o escrito presentado en data 27/04/2024, con número de rexistro de entrada 202499900001950, por Don Antonio Castro Pardal, onde se expón o seguinte:

"...PUBLICADA A PUNTUACIÓN PROVISIONAL DOS MÉRITOS DO PROCESO SELECTIVO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL NA CATEGORÍA DE CONSERXE (C 09), SENDO ASIGNADOS 0 PUNTOS NA CATEGORÍA DE EXPERIENCIA PROFESIONAL, EXPOÑO QUE NA SOLICITUDE INDIQUEI OS SEGUINTES MÉRITOS:

B) POR SERVIZOS PRESTADOS COMO PERSOAL TEMPORAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (DISTINTA DO CONCELLO DE RIANXO) EN PRAZA, POSTO E CATEGORÍA IDÉNTICAS OU

EQUIVALENTES Á VACANTE CONVOCADA E Á QUE SE PRETENDE ACCEDER: A RAZÓN DE 0,35 PUNTOS POR CADA MES DE SERVIZOS PRESTADOS. 31,5 PUNTOS

D) POR SERVIZOS PRESTADOS COMO PERSOAL TEMPORAL DO CONCELLO DE RIANXO OU DE CALQUERA OUTRA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA EN PRAZA, POSTO E CATEGORÍA DIFERENTES Á VACANTE CONVOCADA E Á QUE SE PRETENDE ACCEDER: A RAZÓN DE 0,05 PUNTOS POR CADA MES DE SERVIZOS PRESTADOS. 0,7 PUNTOS.

Solicita a revisión do autobaremo que presentei na solicitude e a corrección das miñas puntuacións nas referidas categorías”.

14. Revisada a documentación presentada polo aspirante Don Antonio Castro Pardal, no prazo de presentación de instancias para o proceso de estabilización de 1 praza de conserxe, en data 18/01/2023, con número de rexistro de entrada 202399900000239, obsérvase que xunto coa instancia achegou respecto da documentación referida aos méritos por experiencia profesional, a seguinte documentación:

- Certificado de servizos prestados do Concello de Pontevedra
- Certificado de servizos prestados no Concello de Tui
- Certificado de servizos prestados da Xunta de Galicia
- Certificado de servizos prestados no Concello de Vigo

15. Visto o establecido no artigo 9.6 das Bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 publicadas no BOP número 246 de 29/12/2022, onde se establece con respecto aos méritos a valorar o seguinte tenor literal:

“...Mérito 1. Experiencia profesional. Ata un máximo de 90 puntos.

Mérito polo que as persoas aspirantes poderán obter, como máximo, o noventa por cento (90%) da puntuación total máxima alcanzable no concurso e, polo tanto, unha puntuación máxima de 90 puntos; e que se valorará consonte aos criterios e baremo sinalados a continuación:

a) Por servizos prestados como persoal temporal do Concello de Rianxo en praza, posto e categoría idénticas ou equivalentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,75 puntos por cada mes de servizos prestados.

b) Por servizos prestados como persoal temporal doutra Administración Pública (distinta do Concello de Rianxo) en praza, posto e categoría idénticas ou equivalentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,35 puntos por cada mes de servizos prestados.

c) Por servizos prestados como persoal temporal do Concello de Rianxo en praza, posto e categoría diferentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,25 puntos por cada mes de servizos prestados

d) Por servizos prestados como persoal temporal do Concello de Rianxo ou de calquera outra Administración Pública en praza, posto e categoría diferentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,05 puntos por cada mes de servizos prestados

Aos efectos da acreditación e valoración deste mérito, segundo os baremos anteditos, aplicaranse as

normas e criterios indicados no ANEXO I das presentes bases...

Visto o establecido no punto 8º do Anexo I "Aos efectos de acreditación, consideración e valoración dos servizos prestados alegados polas persoas aspirantes, en relación co mérito "experiencia profesional" de ditas Bases, no referido á acreditación dos servizos prestados en Administracións diferentes ao Concello de Rianxo, que teñan sido alegados polas persoas aspirantes, e cuxa valoración pretendan, indícase que:

"... Nos restantes supostos, os servizos prestados alegados deberanse acreditar mediante a achega de certificación emitida/expedida polo funcionario ou órgano competente da entidade correspondente; e na que, para que ditos servizos poidan ser valorados, deberá constar cando menos e de forma clara e inequívoca..."

E xunto coa antedita certificación deberase achegar tamén, e de forma obrigatoria, a seguinte documentación xustificativa:

◦ ***No caso de servizos prestados en réxime laboral, contrato de traballo xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano/autoridade competente da seguridade social.***

◦ ***No caso de servizos prestados como persoal funcionario, resolución de nomeamento e/ou a toma de posesión xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano/autoridade competente da seguridade social.***

Nos supostos en que á vista da documentación achegada polos aspirantes puideran existir dúbidas sobre a identidade ou equivalencia coa vacante convocada das prazas, postos ou categorías respecto das que se aleguen os servizos prestados, os Tribunais poderán requirir, previo acordo ao respecto, a achega da documentación complementaria que estime necesaria.

En todo caso, non se terán en conta outras formas de acreditación da experiencia profesional diferentes das anteditas e no seu caso previstas nas respectivas bases."

16. Visto que de conformidade co establecido no punto 8º do Anexo I "Aos efectos de acreditación, consideración e valoración dos servizos prestados alegados pola persoa aspirante, en relación co mérito "experiencia profesional" das Bases Bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 publicadas no BOP número 246 de 29/12/2022, os aspirantes Don Antonio Castro Pardal, non acreditan debidamente os servizos prestados noutras administracións, pois non aportan os contratos de traballo e/ou resolución de nomeamento e/ou a toma de posesión,

17. Visto que as bases unicamente establecen a posibilidade de que o Tribunal formule requirimento cando puideran existir dúbidas sobre a identidade ou equivalencia coa vacante convocada das prazas, postos ou categorías respecto das que se aleguen os servizos prestados.

18. Advertido un erro material na puntuación do aspirante Dna Mª del Pilar Iglesias Otero, en relación ca puntuación establecida no artigo 9.6 das Bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 publicadas no BOP número 246 de 29/12/2022, dos méritos a valorar nos méritos de

experiencia profesional, onde se establecía:

"... c) Por servizos prestados como persoal temporal do Concello de Rianxo en praza, posto e categoría diferentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,25 puntos por cada mes de servizos prestados

d) Por servizos prestados como persoal temporal do Concello de Rianxo ou de calquera outra Administración Pública en praza, posto e categoría diferentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,05 puntos por cada mes de servizos prestados

Aos efectos da acreditación e valoración deste mérito, segundo os baremos anteditos, aplicaranse as normas e criterios indicados no ANEXO I das presentes bases..."

19. Revisada a documentación presentada pola aspirante Dna M^a del Pilar Iglesias Otero, no prazo de presentación de instancias para o proceso de estabilización de 1 praza de conserxe, en data 19/01/2023, con número de rexistro de entrada 20230000000442, no que aporta os certificados de servizos prestados do Concello de Rianxo.

Á vista de todo o exposto, o tribunal **ACORDA:**

Primeiro.- Estimar a alegación presentada por Dna Isabel Villanustre Vidal no referido aos méritos por formación específica ao estar ditos méritos debidamente acreditados, de conformidade co establecido 9.6 das Bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 publicadas no BOP número 246 de 29/12/2022, e asignar a puntuación correspondente.

Segundo.- Desestimar a alegación presentada por Don Antonio Castro Pardal no referido aos méritos por servizos prestados noutras Administracións Públicas ao non estar ditos méritos debidamente acreditados, de conformidade co establecido no apartado 8º do Anexo I "Aos efectos de acreditación, consideración e valoración dos servizos prestados alegados polas persoas aspirantes, en relación co mérito "experiencia profesional" das Bases Bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 publicadas no BOP número 246 de 29/12/2022.

Terceiro.- Rectificar o erro material na puntuación da aspirante Dna M^a del Pilar Iglesias Otero, en relación ca puntuación establecida no artigo 9.6 das Bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 publicadas no BOP número 246 de 29/12/2022, dos méritos a valorar nos méritos de experiencia profesional, e asignar a puntuación correspondente nos apartados c) e d) do referido artigo 9.6 méritos a valorar.

Cuarto.- Elevar a definitiva a valoración que se establece a continuación, unha vez resoltas as alegacións e rectificado o erro material apreciado da seguintes persoas aspirantes:

DNI, Apelidos e nome	Experiencia profesional					Formación específica (Máximo 10 puntos)	Puntuación total
	Mérito 1.a	Mérito 1.b	Mérito 1.c	Mérito 1.d	Total Experiencia	Total puntos formación	

					profesional	específica	
***3350** Torres Ordóñez, Martín	169,50	0,00	6,25	0,00	90,00	10	100,00
***6972** García Abuín, María Josefa	32,25	0,00	5,50	0,00	37,75	10	47,75
***8306** Rey Fernández, Cristina	20,25	0,00	3,00	0,00	23,25	10	33,25
***8243** Claro Rial, Antonio	9,75	0,00	11,25	0,00	21,00	10	31,00
***7012** Figueiro Ordóñez, José Manuel	13,50	0,00	5,00	0,00	18,50	10	28,50
***6783** Castaño Piñeiro, Jordi	9,00	7,00	0,00	0,20	16,20	10	26,20
***5804** Villanustre Vidal, Isabel	0,00	0,00	14,25	0,00	14,25	10	24,25
***3717** Mariño Laíño, Silvia	0,00	0,00	4,50	0,00	4,50	10	14,50
***3350** Figueira Losada, Columba	1,50	0,00	1,75	0,00	3,25	10	13,25
***8424** Iglesias Otero, María del Pilar	0,00	0,00	2,00	0,10	2,10	10	12,10
***5693** Cornado Rodríguez, Lucía	0,00	0,00	1,75	0,00	1,75	10	11,75
***6645** Piñeiro González, Jose Antonio	0,00	0,00	1,50	0,00	1,50	10	11,50
***6941** Lojo Esteban, María Natividad	0,00	0,00	0,50	0,00	0,50	10	10,50
***6555** Rodríguez Rodríguez, Mariano	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10	10
***5987** Rodríguez Fariña, Jose Ignacio	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10	10
***5331** Castro Parda, Antonio	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10	10
***2638** Ordóñez Cespón, María del Carmen	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10	10
***0255** Ordóñez Agrafojo, Raquel	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10	10
***8907** Tubío Romero, Tania	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10	10
***8432** Iglesias Torres, Susana	0,00	0,00	9,50	0,00	9,50	0	9,5
***0919** Sevares Lozano, Raquel	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0	0
***9158** Viñas Mayo, Rubén	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0	0
***0324** Troás Tubío, Abel	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0	0

***8656** Comojo Vicente, Martín	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0	0
***9767** Mosquera Rial, Adrián	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0	0
***8713** Castaño Frieiro, Mauro	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0	0

Quinto.- Fixar a proba do galego para as persoas aspirantes que non acreditaron estar en posesión do nivel coñecemento da lingua galega (CELGA, ou equivalente), requirido nas bases específicas reguladoras, para **o día 5 de xuño de 2024, ás 9,00 h**, no Salón de Pleno do Concello de Rianxo, para realizar a proba do galego, tal e como se recolle nas Bases publicadas no BOP núm. 246 de 29/12/2022, no punto décimo, para os procesos de estabilización Lei 20/2021, ás seguintes persoas:

- Comojo Vicente, Martín
- Iglesias Torres, Susana
- Sevares Lozano, Raquel

A Presidencia remata a sesión ás 10.02 h, da que se estende esta acta, que será asinada pola presidenta do tribunal e da que eu, como secretaria, dou fe.”

O que se fai público a efectos para xeral coñecemento.

Rianxo, na data de sinatura dixital

A secretaria do Tribunal, Vicenta Avelina Campaña Martínez